UNIVERSIDADE
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Miguel Alfonso Pallarés
D. Luis Alonso Bacigalupe
Dª. Mª. Luisa Alonso Escontrela
D. Heliodoro Álvarez Conde
D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín
D. Ramón Araujo Casado
Dª. Fátima Arias Novoa
Dª. Mª del Carmen Arriba Pérez
D. Ramón Barreiro García
Dª. Silvia Bermúdez Pérez
D. Juan Blanco Gutiérrez
D. Camilo Brandín Feijoo
D. Jorge Bravo Bernárdez
D. Enrique J. Buch Gómez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Lino Pedro Canedo de la Torre
D. Víctor Cardador González
D. Alfonso Caride Losada
D. Benjamín Pablo Casanova López
D. Javier Castro Martínez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Cidrás Pidre
D. Ángel Cifuentes García
D. Eusebio Corbacho Rosas
Dª Patricia Corbacho Suso
D. Xosé Henrique Costas González
D. Miguel Ángel Crestelo Blanco
D. Pedro Cuesta Molares
D. José Mª. da Rocha Álvarez
D. Guillermo De Oca Cancela
Dª. Encarnación De Miguel Villegas
D. Javier De Vicente Remesal
D. Jaime Díaz de Bustamante
D. Domingo Docampo Amoedo
D. José Durany Castrillo
D. Miguel Ángel Esparza Torres
Dª. Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Manuel Fernández Gesto
Dª. Esperanza Fernández Gómez
Dª. Generosa Fernández Manín
D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día cinco de novembro de dous mil un, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O luns, **día 5 de novembro de 2001**, ás 12:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar o seguinte punto da Orde do día:

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria e extraordinaria do día 21-6-2001
2.- Informe do Rector.
3.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Curso de especialista en problemas actuais de derecho en la empresa ( Xunta de Goberno 27-6-2001), Curso de posgrao en Administración e Xestión de Organizacións non lucrativas ( Xunta de Goberno 2-10-2001 )
4.-Modificación puntual do plano de estudios de Enxeñería Informática ( Xunta de Goberno 27-6-2001 )
5.- Regulamento da E.T.S. de Enxeñería de Minas ( Xunta de Goberno 2-10-2001 )
6.- Elección para cubrir vacantes en Xunta de Goberno: - 2 no sector de Directores de Departamento, - 2 no sector de estudiantes
7.- Rogos e preguntas.

D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
Dª. Secundina García Conde
D. Antón García Fernández
Dª. Rebeca García Francisco
D. Guillermo García Lomba
D. José Manuel García Vázquez
D. Rubén Garrido Bernárdez
D. Carlos Garrido Suárez
Dª. Ana Garriga Domínguez
D. Eduardo Godoy Malvar
Dª. Alma Mª Gómez Rodríguez
D. Roberto González Novas
D. Jesús Hernández Sánchez
D. Alexandre Ínsua Moreira
D. Alfonso Lago Ferreiro
D. Francisco Abelardo Lamilla Curros
D. José Luis Legido Soto
D. José Lillo Beviá
D. Martín Llamas Nistal
D. Juan Loeck Hernández
Dª. Mª. del Pilar López Vidal
D. Álvaro Xosé López Mira
Dª. Mª Eugenia López de Silanes Vázquez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
Dª. Patricia Silvia Mascuñán Tolón
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Ana Belén Méndez Fernández
D. Carlos Mollinedo Lois
Dª. Ascensión Muñoz del Barrio
Dª. Ana Isabel Paz Villar
Dª. Mª Consuelo Pazo Martínez
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Elías Pérez Carrera
D. Manuel Pérez Donsión
Dª. Mª Flor Pérez Paz
D. Javier Pérez Guerra
D. José Pose Blanco
D. Albino Prada Blanco
D. Félix Quintero Martínez
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Filemón Rivas Conde
Dª. Dolores Rivero Fernández
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
Dª. Noa Rodríguez Cariño
D. Gustavo Rodríguez Fuentes
Dª. Margarita Rodríguez Holguín
DD. Raul Fernando Rodríguez Rubio
Dª. Mª del Pilar Rodríguez Seoane

**Punto 1**.- Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria e extraordinaria do día 21-6-2001

Apróbanse por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do Rector.

- dos novos Centros de Ourense: Facultade de Ciencias da Educación e Facultade de Humanidades, dos que foron nomeados Decanos Comisarios ( co encargo de convocar eleccións) o os profesores Don Xosé Manuel Cid Fernández e Dona Mercedes Durany Castrillo.

- da aprobación, na Xunta de Goberno do día 29-10-2001, do Convenio de Colaboración entre as universidades de Santiago e de Vigo para a creación dun parque científico tecnolóxico universitario mediante consorcio.

- do calendario de avaliación da Universidade para o período 2001-2006, que foi remitido a Madrid.

**Punto 3.-**Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Curso de especialista en problemas actuais de derecho en la empresa ( Xunta de Goberno 27-6-2001), Curso de posgrao en Administración e Xestión de Organizacións non lucrativas ( Xunta de Goberno 2-10-2001 )

Sométese a votación:

A favor 44 votos
En contra 5 votos
Abstencións 8

Apróbanse.

D. José Luis Sáez Ocejo
Dª. Evangelina Sierra Bernardino
D. Iago Soto Mata
Dª. Mercedes Suárez Pazos
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Javier Taboada Castro
D. José Tojo Suárez
D. Antonio Vaamonde Liste
D. Camilo Vázquez García
D. Fernando Antonio Vázquez Nuñez
D. Federico Vilas Martín

**DESCULPAN ASISTENCIA**
D. Gustavo Bergantiños Cid
Dª. Mª Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Ángel Latas Parada

**Punto 4.-**Modificación puntual do plano de estudios de Enxeñería Informática ( Xunta de Goberno 27-6-2001 )

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.-** Regulamento da E.T.S. de Enxeñería de Minas ( Xunta de Goberno 2-10-2001 )

Apróbanse por asentimento.

**Punto 6.-** Elección para cubrir vacantes en Xunta de Goberno: - 2 no sector de Directores de Departamento - 2 no sector de estudiantes

Non habendo mais candidatos do número de postos a cubrir, pasan a formar parte da Xunta de Goberno. As seguintes persoas:

- polo sector de Directores de Departamento- Dona Mª Teresa Iglesias Randulfe e Don Manuel Pérez Donsión
- polo sector de estudiantes- Don Benjamín Pablo Casanova López e Dona Angeles Filgueira Pérez.

**Punto 7.-** Rogos e preguntas.

O profesor Barreiro roga que se poña en funcionamento alarma de incendios no Edificio Politécnico de Ourense.

A Sra. Bermúdez pregunta cando se vai por en marcha o alumeado no Campus e canto tempo vai durar a precariedade das aulas en Químicas.

O Sr. Quintero ( en representación da Asociación de Persoal Investigador e Técnico non contratado de Galicia) presenta a seguinte moción co rogo de que sexa asumida pola Claustro:

Una vez sopesados cuidadosamente los artículos que tienen relación con su problemática, exponemos las siguintes reflexiones respecto al texto de la LOU; con el fin de regular la situación laboral y de avanzar en la homogeneización de las condiciones del Personal Investigador en Formación y Perfeccionamiento (PIFP), que se desenvuelve su trabajo en la Universidad, CSIC y otros Centros de Iinvestigación públicos y privados:

a) Mantiene el error conceptual de considerar el doctorado como únicamente estudios de Tercer Ciclo, cuando el fin último del mismo es el desarrollo de un trabajo de investigación, al que hay que considerar

como verdadera prestación laboral, cuya calidad y originalidad determinara la obtención del grado de Doctor.
b) Sostiene un confuso diseño de la carrera investigadora, especialmente en la etapa predoctoral y postdoctoral de trabajo de investigación en formación y perfeccionamiento, y pone límites a posteriores modificaciones de la estructura de recursos humanos en la carrera investigadora.
c) En la redacción actual de la ley se continúa excluyendo al PIFP manteniéndole en una situación de precariedad laboral y social, sin derechos ni deberes reconocidos. Es decir, se sigue considerando al PIFP como personal laboral de facto pero no de derecho.
Ante esta situación, PG pide la creación de un Estatuto del PIFP que sea aplicable en todo el Estado Español, y su inclusión en la legislación específica o en aquellas leyes que afectan parcialmente a este colectivo, como ocurre actualmente con la LOU donde debería quedar reflejado como una figura laboral más.
d) En la misma medida, PG solicita la abolición del sitema de "becas" de investigación, tanto predoctorales como postdoctorales. El trabajo de investigación, incluido el llevado a cabo por el Personal Investigador en Formación y Perfeccionamiento no debe ser en ningún caso financiado con una beca, y tampoco con un contrato administrativo renovable de año en año, pues no está permitido desde 1985, sino con un contrato laboral adaptado a las características especiales del PIFP.

Levántase a sesión ás 13:30 horas do día 5 de novembro de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector, A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo Margarita Estévez Toranzo

UNIVERSIDADE
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Miguel Alfonso Pallarés
D. Luis Alonso Bacigalupe
Dª. Mª. Luisa Alonso Escontrela
D. Heliodoro Álvarez Conde
D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín
D. Ramón Araujo Casado
Dª. Fátima Árias Novoa
Dª. Mª del Carmen Arriba Pérez
D.Enrique Barreiro Alonso
D. Ramón Barreiro García
Dª. Silvia Bermúdez Pérez
D. Juan Blanco Gutiérrez
D. Camilo Brandín Feijoo
D. Jorge Bravo Bernárdez
Dª. Mª Alicia Cachafeiro López
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Lino Pedro Canedo de la Torre
D. Víctor Cardador González
D. Alfonso Caride Losada
D. Benjamín Pablo Casanova López
D. Javier Castro Martínez
D. Pablo Javier Cebral Loureda
Dª. Mercedes Cendón Falque
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Cidrás Pidre
D. Ángel Cifuentes García
D. Eusebio Corbacho Rosas
Dª. Patricia Corbacho Suso
D. Xosé Henrique Costas González
D. Tony Crespo Franco
D. Miguel Ángel Crestelo Blanco
D. Pedro Cuesta Molares
D. José Mª. da Rocha Álvarez
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Javier De Vicente Remesal
D. Jaime Díaz de Bustamante
D. Domingo Docampo Amoedo
D. José Durany Castrillo
D. Miguel Ángel Esparza Torres
Dª. Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Manuel Fernández Gesto
Dª. Esperanza Fernández Gómez
D. Manuel J. Fernández Iglesias
Dª. Generosa Fernández Manín
Dª. María Fernández Silva
D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día cinco de novembro de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O luns, **día 5 de novembro de 2001**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar o seguinte punto da Orde do día:

Posicionamento da Universidade de Vigo diante da tramitación da Lei de Universidades.

En primeiro lugar intervén o Rector. Lembra que a Xunta de Goberno, na súa sesión de 21 de maio, xa manifestou o seu rexeitamento ó anteproxecto da lei e pediu a súa retirada. Di que no Congreso de Diputados non foi admitida ningunha proposta da CRUE. Constátase unha operación mediática para facer cundir na ciudadanía a sensación de que a universidade está mal silenciando o grande avance experimentado pola universidade española nos últimos anos.

A tramitación da lei foi excesivamente apresurada; nunha soa sesión, a Comisión de Educación revisou as 800 emendas e houbo modificacións relativas á data de implantación, ó cese dos claustros, á non necesidade de habilitación dos docentes das universidades privadas etc. que empeoraron o texto inicial.

Di que esta falta de consenso vai facer dificil que a LOU se converta nun instrumento transformador das universidades. Manifesta a súa intención de

D. Xosé Friol Piñeiroa
D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
Dª. Secundina García Conde
D. Antón García Fernández
Dª. Rebeca García Francisco
D. Guillermo García Lomba
D. José Manuel García Vázquez
D. Rubén Garrido Bernárdez
D. Carlos Garrido Suárez
D. José Mª Gil Villanueva
D. Eduardo Godoy Malvar
Dª. Alma Mª Gómez Rodríguez
D. Roberto González Novas
D. Jesús Hernández Sánchez
D. Alezandre Ínsua Moreira
D. Alfonso Lago Ferreiro
D. Francisco Abelardo Lamilla Curros
D. José Luis Legido Soto
D. José Lillo Beviá
D. Martín Llamas Nistal
D. Juan Loeck Hernández
Dª. Mª. del Pilar López Vidal
D. Álvaro Xosé López Mira
Dª. MªEugenia López de Silanes Vázquez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
Dª. Patricia Silvia Mascuñán Tolón
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Ana Belén Méndez Fernández
D. Carlos Mollinedo Lois
Dª. Ascensión Muñoz del Barrio
D. Santiago Murillo Zapatero
Dª. Ana Isabel Paz Villar
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Elías Pérez Carrera
D. Manuel Pérez Donsión
Dª. Mª Flor Pérez Paz
D. Javier Pérez Guerra
Dª. Mª Teresa Pombo Fernández
D, José Pose Blanco
D. Albino Prada Blanco
D. Félix Quintero Martínez
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Filemón Rivas Conde
Dª. Dolores Rivero Fernández
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. Noa Rodríguez Cariño
D. Gustavo Rodríguez Fuentes
Dª. Margarita Rodríguez Holguín
DD. Raul Fernando Rodríguez Rubio

someter ó Claustro un acordo no que se manifeste o rexeitamento á LOU e se pida a súa retirada.

A continuación ábrese un turno de intervencións.

A Sra. Bermúdez calificou a LOU de antidemocrática, centralista, iniciadora da privatización e que representa un retroceso para a universidade pública. Engade que se diminúe a autonomía universitaria, se aumentan as trabas para a homologación dos títulos e perden contido os órganos de goberno da universidade. Pide apoio ás mobilizacións convocadas.

O Sr. Cardador da lectura a un texto aprobado do III Foro Estatal de Estudiantes de Universidades Públicas que tivo lugar en Alicante, no que se considera inasumible esta lei ( anexo ).

O profesor Corbacho di que a propia comunidade universitaria tamén ten culpa por permitir que se utilicen os claustros de xeito pouco constructivo. Di que o Rector debe liderar a protesta e non só informar dos acordos da CRUE.

A Sra. Corbacho reclama a necesidade de revalorizar o Claustro neste proceso.

O Sr. Garrido di que non está seguro de que toda a comunidade universitaria esté en contra da lei, senón que en moitos casos adhírense a movementos de rexeite sen tomar parte activa.

O profesor Mazaira opina que deberíamos dar o pésame a quen loitou por unha universidade pública e de calidade. Di que son xustificados os calificativos de lei

Dª. Veljka Ruzicka Kenfel
D. Rafael Sanz Domínguez
D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
Dª. Evangelina Sierra Bernardino
D. Iago Soto Mata
Dª. Mercedes Suárez Pazos
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Javier Taboada Castro
D. Antonio Vaamonde Liste
D. Camilo Vázquez García
D. Fernando Antonio Vázquez Núñez
Dª. Mª de las Mercedes Vila Alonso
D. Federico Vilas Martín

**DESCULPAN ASISTENCIA**
D. Gustavo Bergantiños Cid
Dª. Mª Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Ángel Latas Parada

centralista, inoperante e antidemocrática. Salienta a ausencia de toda mención na lei de financiamento público e di que vai dinamitar o principio de igualdade en beneficio das universidades privadas. Califica de despotismo político o xeito de tramitar esta lei.

O profesor Membiela di que a comunidade universitaria non foi escoitada e non houbo búsqueda de consenso. Con esta lei preténdese cambiar a universidade pero non mellorala. Pásase dunha "endogamia departamental" a unha "endogamia estatal". É unha lei centralista que beneficia ás universidades privadas. Pide apoio ás mobilizacións convocadas.

O Sr. Quintero en representación da Asociación de Persoal Investigador e Técnico non contratado de Galicia (Precarios Galicia) di que con esta lei "mantense a precariedade laboral do persoal investigador en formación por tratalos como estudiantes exclusivamente e elude o establecemento dunha carreira investigadora que implicaría a regulación dun colectivo que segue a sufrir a falta de recoñecemento da súa labor suplindo con becas o que deberían ser contratos"

Solicita que estas declaracións se encaixe, se é posible, na proposta que aprobe o Claustro.

O profesor Reigosa di que a LRU supuxo un amplio cambio na renovación da universidade. Facía falta unha nova lei pero esta proposta (LOU) é unha grande oportunidade perdida e que está feita dende a desconfianza na autonomía universitaria. Percíbese desenterese cara á universidade pública e non hai unha aposta clara pola calidade. Louba a postura dos Rectores e di que agora é a comunidade universitaria a que ten que manifesarse polo articulado da

lei e a súa tramitación.

O profesor Vázquez García di que este debate chega tarde pero pregúntase cando hai debates de base na comunidade universitaria. Esta debería pedir algo mais que as mobilizacions, algo que implicase que de verdad o tema interesa.

O Rector agradece as intervencións anteriores. Engade que a elegancia co que a universidade se comportou ata agora non foi correspondida polo Ministerio que trata de convencer á opinión pública de que a universidade está mal. Non houbo tempo de facer moito mais e agora é o momento de que fale a comunidade universitaria.

O Rector da lectura a unha proposta de comunicado de rexeitamento a LOU e a súa tramitación.

O profesor Vilas di que a proposta do Rector é moi pertinente pero que ademais habería que tratar de transmitir á opinión pública o rexeitamento a frases manifestadas na exposición de motivos da lei que en si mesma xa é un insulto.

A profesora Fernández Manín mostra a súa disconformidade co procedemento proposta nesta sesión e que deberíamos aportar ideas cara á regulación posterior que haberá que facer.

O Sr. Quintero recoñece que é dificil encaixar a proposta de " Precarios Galicia" dentro da proposta do Rector e di que é mellor propolo como moción na sesión ordinaria do Claustro que terá lugar a continuación.

O profesor Durany, en relación coa intervención do profesor Vilas, di que hai que ser operativos, aprobar o texto proposto polo Rector e dar posteriormente as explicacións oportunas.

Escoitadas estas últimas intervencións le de novo a proposta. O texto, que se somete a aprobación do Claustro é o seguinte:

1.- Ratificar o rexeitamento da Lei Orgánica de Universidades expresado por unanimidade pola Xunta de Goberno de Universidade na súa sesión extraordinaria do día 21 de maio de 2001.

2.- Deplorar a forma de tramitar a Lei, cunha clara falta de respecto por parte do Goberno coa sociedade e co propio Parlamento, que impediu o debate que as universidades levan reclamando con insistencia a traves das súas Xuntas de Goberno, dos seus Claustros e da Conferencia Rectores das Universidades Españolas.

3.- Pedir que se paralice a tramitación da Lei ata que o debate antes indicado se produza, co fin de non perdernos esta oportunidade de modernizar o sistema universitario español para que sega sendo un instrumento transformador da realidade social mediante o estudio, a docencia, a investigación e a transmisión cultural.

4.- Apoiar as convocatorias e mobilizacións previstas en contestación e repulsa da nova lei.

Sométese a votación:

| | |
|---|---|
| A favor | 84 votos |
| En contra | 1 voto |
| Abstencións | 1 |

Apróbase.

Levántase a sesión ás 12:00 horas do día 5 de novembro de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector, A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo Margarita Estévez Toranzo